

A saída que imos facer o sábado 25 discorre polo concello de Ponteceso, concretamente pola zona na que o río Anllóns xúntase co océano Atlántico.

Terra do poeta Eduardo Pondal, cuxa inspiración foi alimentada polos asombrosos lugares que percorrерemos neste carreiro. "Bardo" da nación galega, é un dos tres grandes poetas do Rexurdimento, xunto con Rosalía de Castro e Curros Enríquez. As primeiras estrofas do seu poema "Os Pinos" conforman a letra do himno galego ao que Pascual Veiga puxo música.

Durante o noso percorrido atoparemos numerosas referencias á súa persoa.

Para elaborar este roteiro circular, ademais da colleita persoal, tomouse como referencia parte dos PR- G 148 e PR- G 148.1 conectándoos cun tramo do camiño dos faros, que tanto temos que agradecer ao grandísimo traballo da asociación Os Traskis.



Comezamos a camiñar na zona do aparcamento preto da casa natal de Pondal e avanzamos polo malecón do Couto para despois ascender ao Monte Branco, que con tan só 182 m. de altura, é un excelente miradoiro do esteiro do Anllóns. Dende aquí podemos ver Ponteceso e os meandros do Anllóns, Neaño (Capital de Cabana de Bergantiños e berce de quen isto escribe), Laxe, Balarés, Corme e aos nosos pés a impresionante praia de A Barra entre os illotes de Os Cagallons e A Tiñosa.

Os ventos suben pola falda do monte cubrindo de fina area e dándolle esa aparencia branca que lle otorga o nome. O Monte Branco é unha formación que pecha o esteiro do Anllóns no punto no que o río busca saída ao mar.

Dende o alto do monte hai vistas de praias, acantilados, dunas e a gran lingüa de area da praia de O Medio, denominada A Barra, que parece querer impedir que o Anllóns toque o mar.

A punta de O Roncudo enfréntase ao monte de A Insua onde o faro de Laxe guía o camino de barcos e mariñeiros, conformando entre ambos a pequena ría de Corme e Laxe, que dende este miradoiro pode ser contemplada na súa práctica totalidade.

Continuamos en ascenso ata outro miradoiro natural situado nunha zona rochosa a 218 metros de altura, as vistas son igualmente impresionantes, por riba do Monte Branco e punto mais alto do noso percorrido, é o Miradoiro dos Loureiros.

Dende aquí dirixímonos cara a Gondomil onde se atopa a Pedra da Serpe, unha única e misteriosa figura pétreo con forma de serpe alada xacendo baixo unha cruz.

A Pedra da Serpe de Corme é un dos monumentos rupestres máis representativos de Galicia. A pesar da súa sinxeleza, espertou unha grande curiosidade de historiadores e arqueólogos ao longo dos últimos séculos. Trátase dun exemplo único en toda Europa Occidental, un relevo «vivo» da historia de Galicia.

Trátase dunha rocha granítica no que se labrou a figura dunha gran serpe alada, algo que a fai única e excepcional. Séculos despois, o lugar fue cristianizado coa colocación dunha cruz sobre a mesma pedra. Esta cruz non é a actual, senon contemporánea, pois a orixinal xa non se conserva, ya que foi derrubada accidentalmente.

A pesar das numerosas hipótesis sobre a cronoloxía desta curiosa pedra, aínda ninguén o ten craro e todo son especulacions. Escoitarás que este culto a serpe pérdese nos tempos remotos, antes incluso do inicio da cultura castrexa, pero ninguén o ten craro. A proba dese culto a sepe reflíctese por exemplo, en lugares coma o Castro de Troña, Valga ou incluso en

diferentes monumentos megalíticos. Pero esta Pedra da Serpe podría ser galaica-romana, sueva ou incluso pertencer a mesma Idade Media.

Ritos sobre a fecundidade, gardián de tesouros, curación, eternidade, representación do demo... quen sabe, todo é válido. Para ver con claridade a serpe e as suas alas, [deixámosvos esta](#) ligazón onde podrédes ver fotografías para apreciar mellor estes detalles, pois as nosas fotos no reflictan en condicións o gravado.

Por suposto que esta curiosa pedra da serpe de Corme non está exenta de lendas. Unha delas contanos que unha praga de serpes assolou a comarca. Chegou Santo Adrián, que con a súa fé e un gran pisotón no chan, provocou que desapareceran todas e quedaran baixo a mesma Pedra da Serpe.

Moi preto, na praia de A Ermida, contan que aínda pódense ver os tocons das árbores pertencentes a lendaria aldea desaparecida de Valverde, vila que foi quemada polos romanos para acabar coas serpes.



Baixamos ata a praia dá Ermida para continuar o noso percorrido de volta, agora pola costa, pasando pola praia de Río Covo, Punta da Facha, para rematar o noso percorrido na praia de Balarés.



PRÓXIMA RUTA:
Ruta e cocido en
Pazo do Monte
22-02-2025



DATOS BÁSICOS

COMEZO: Casa Pondal. Ponteceso

REMATE: Balarés

DISTANCIA LINEAL: 15 km aprox.

DURACIÓN APROXIMADA: 5 horas

DIFICULTADE: Media

ALTITUDE MÁXIMA: 208 m

ALTITUDE MÍNIMA: 0 m

DESNIVEL POSITIVO: 422 m

DESNIVEL NEGATIVO: 421 m



618 617 799



carroucho@carroucho.org



www.carroucho.org

**MIRADIOS DE
PONTECESO
25-01-2025**